

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre Augas de Galicia e o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos para a organización de difusión das Xornadas “O papel da enxeñería na redución do risco de inundación”

1. Antecedentes

Augas de Galicia, entidade creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto, é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins.

O Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos é unha corporación de dereito público, amparada pola Lei e recoñecida polo Estado, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, como son, entre outros, a ordenación do exercicio da profesión de enxeñeiro de camiños, canais e portos, a organización de actividades e servizos comúns de interese para os colexiados, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencial e de previsión e outros análogos

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración é o establecemento das condicións que rexerán a cooperación entre Augas de Galicia e o Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos para organizar unhas xornadas destinada a persoal técnico, fundamentalmente da administración local, ou que traballe para esa administración, enfocada a explicar os plans de xestión de risco de inundación e os últimos cambios normativos nesta materia, elaborando para iso documentos de presentación, difusión e conclusión e difundindo a celebración do mesmo a través dos correspondentes medios de difusión

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrência

A Directiva 2007/60/CE relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, e o Real Decreto 903/2010, do 9 de xullo, que a traspón ao ordenamento español, teñen por obxecto obter un adecuado coñecemento e avaliación dos riscos asociados ás inundacións; así como lograr unha actuación coordinada de todas as Administracións Públicas e a sociedade para reducir as consecuencias negativas sobre a saúde e a seguridade das persoas e dos bens, sobre o medio ambiente, o patrimonio cultural, a actividade económica e as infraestruturas, asociadas ás inundacións do territorio ao que afecten.

Para lograr unha actuación coordinada de todas as administracións públicas e a sociedade para diminuír os riscos de inundación e reducir as consecuencias negativas das inundacións, baseándose nos programas de



medidas que cada unha das administracións debe aplicar no ámbito das súas competencias para acadar o obxectivo previsto, é fundamental a formación dos técnicos que traballan para as administracións implicadas.

Segundo dispón a Lei 2/1974, de 13 de febreiro, de Colexios Profesionais, modificada pola Lei 25/2009, de 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, corresponde aos colexios profesionais, entre outras:

- Exercer cantas funcións lle sexan encomendadas pola Administración e colaborar con esta mediante a realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que lle podan ser solicitadas ou acorden formular por iniciativa de seu.
- Organizar actividades e servizos comúns de interese para os colexiados, de carácter profesional, formativo, cultural, asistencia e de previsión e outros análogos.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

En razón das achegas realizadas polo co Colexio de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos para o logro da finalidade común e como compensación dos gastos soportados no desenvolvemento da actividade, dende o 01.07.2019, a entidade pública empresarial Augas de Galicia achegará un importe máximo de oito mil euros (8.000,00 €), con cargo ao seu programa de actuacións, investimentos e financiamento, á conta 6272 “Reunións e conferencias” do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia, no exercicio 2019.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(asinado dixitalmente)

